

Lenda:

Número 1 coa cor verde: Área silíce
Número 2 coa cor vermella: Área calcaria

Número 3 coa cor amarela: Área arxilosa
Número 4 coa cor azul: Área volcánica

Documentos

Os documentos son un mapa temático corocromático que representa a litoloxía predominante na península e nos arquipélagos balear e canario, tamén aparece a trama provincial e a rede fluvial principal. Ademais aparecen 2 imaxes, unha panorámica, dun caos de bolos do relevo granítico; outra de detalle, dun lapiaz de mesa do relevo calcareo.

Localización

A área silíce localízanse nas rexións nas que aflora o vello zócalo herciniano da Meseta e en zonas de outros macizos antigos. Todo o terzo oeste peninsular e se estende cara o oeste da Cordilleira Cantábrica, Sistema Central, Montes de Toledo e Serra Morena; e formando manchas illadas noutros sistema montañosos. Mentres, a área calcaria esténdese formando unha Z invertida, desde as costas catalas ata o estreito de Xibraltar. Pireneos, Sur da Cordilleira Costeira-Catalá, Montes Vascos, e metade oriental da Cordilleira Cantábrica, Sistema Ibérico e Subbéticas. Domina no arquipélago balear, salvo as chairas centrais.

Orixes xeolóxicas, características das rochas.

No primeiro caso estamos diante dunha paisaxe granítica. Trátase de rochas moi antigas, do Precámbrico e do Paleozoico que foron antigos macizos arrasados. Poden ser metamórficas como as lousas, xistos ou gneis, pero predomina unha rocha ígnea como o granito.

O granito é unha rocha ígnea, magmática ou plutónica, é dicir, formada no interior da terra e solidificada ao ascender cara á superficie terrestre e enfriarse. É de cor clara agrisada, e está integrada por grans grosos de cuarzo, feldespato e mica.

Son rochas duras, ríxidas, resistentes á erosión e, ante as presións tectónicas, poden chegar a fracturarse. Contrasta esta resistencia cunha gran vulnerabilidade ante a meteorización química. No segundo caso trátase dunha paisaxe calcaria. Áreas formadas por rochas sedimentarias formadas nos fondos mariños nas etapas de transgresión que tiveron lugar na era mesozoica e comezos do cenozoico. A calcaria é unha rocha sedimentaria formada a partir de fragmentos de rochas ou de organismos preexistentes e está constituída esencialmente por carbonato cálcico. Trátase dunha rocha dura e permeable que, como resultado da súa disolución en contacto coa auga dá lugar ao modelado cárstico.

Procesos de modelado.

Nos procesos do modelado do granito destacan as alteracións físico-químicas que dan lugar a diáclases ou fracturas (liñas de debilidade iniciadas pola erosión) que fendem as rochas e crea distintas formas, segundo a altitude e o clima. Aínda que son rochas duras e tamén se fracturan formando gretas, os principais procesos de modelado das calcarias débense a disolución da rocha en contacto coa auga, tanto en superficie como subterránea.

Formas do relevo.

No relevo granítico existen diferentes formas segundo a altitude e o clima. Nas áreas frías destacan os canchais e as cristas; nas zonas cálidas e húmidas os domos (pan de azucre); e nas zonas temperadas destacan os berrocais (compactos ou abertos), tores, pedras cabaleiras e bolos, se estes se amontoan nas vertentes, falamos de berrocais, caos granítico ou caos de bolos.

Algunhas das formas características do relevo cárstico son o canón, garganta ou foz; tamén formáranse covas con estalactitas, estalagmitas que unha vez afundidas darán lugar a depresións: dolinas, uvalas, poljés... Na imaxe podemos observar uns lapíais, superficies formadas por surcos ou acalanaduras creados polas augas de escorrentía, existen o de vertente, pero o da imaxe é un lapíais en mesa e o mar de pedra.

(Facer algo parecido para relevo arxiloso e volcánico... definir a maioría das formas do relevo no caso de falar de bloques diagrama)